

ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 4/07/2019 EN PRIMEIRA CONVOCATORIA

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido xudicial de Corcubión sendo ás 12:00 horas do día 4/07/2019 reúnense no salón da alcaldía ós Sres. e Sras. que na marxe se expresan coa finalidade de celebrar Sesión Constitutiva da Xunta de Goberno Local os efectos previstos no Artigo 112.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xuridico das Entidades Locais.-

Aberta a Sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse conta da Resolución dictada pola Alcaldía de data 28/06/2019 co seguinte contido:

"Adoptado acordo por parte do Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 26 de Xuño de 2019 sobre creación da Xunta de Goberno local e de conformidade co previsto no Art. 23 - 1 da Lei 57/2003, de 16 de Decembro, de medidas para a modernización do goberno locals, acordo:

1º) Nomear membros da Xunta de Goberno local baixo a miña presidencia ós seguintes Tenentes de Alcaldes:

Xan Carlos Sar Oliveira	Primeiro
Soledad Vilela Romero	Segunda
Teresa Fernández Martínez	Terceira

2º) Así mesmo, de conformidade co establecido no Art. 23 - 3 da citada Lei, os compoñentes desta Xunta substituiranme nos casos legalmente establecidos por orde do seu nomeamento.

3º) Esta Xunta de Goberno celebrará sesión ordinaria os Xoves de cada dúas semanas ás 20:00 horas (Outubro a Maio) e ás 21 horas (Xuño a Setembro) que no caso de coincidir con día festivo realizaráse o día anterior hábil , todo iso de conformidade co previsto no Art. 112.1 e 3 do Regulamento antes mencionado e a sesión constitutiva terá lugar o día 4 de xullo de 2019 ás doce horas .-

4º) Notifíquese persoalmente este acordo ós citados tenentes de Alcalde, dése conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e procédase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do disposto no Artigo 46-1 de Regulamento.-"

Por todo iso en virtude deste acto,

A) Declárase constituída a Xunta de Goberno local, de conformidade co disposto no Art. 112-1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais coas seguintes competencias delegadas pola Alcaldía mediante resolución dictada con data 1/07/2019 :

"Constituída a Xunta de Goberno local e de conformidade co disposto no Art. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, acordo:

1º) A Xunta de Goberno local asumirá as competencias de asesoramento e asistencia permanente á Alcaldía no exercicio das súas atribucións; será por tanto un órgano de asistencia de carácter consultivo, cun asesoramento exercido permanentemente sen necesidade de solicitude previa á convocatoria nin tampouco celebración de sesión, sen prexuízo de que esta Alcaldía poda solicitar esta asistencia en casos excepcionais para resolver aqueles asuntos que polo seu matiz político ou especial transcendencia merezan coñecer o parecer da Xunta de Goberno.

2º) Deléganse na citada Xunta todas aquelas competencias de carácter resolutivo ou de decisión que sexan delegables e non teñan carácter unipersonal.-

3º) En materia de gastos e contratación para maior celeridade do normal funcionamento dos servicios municipais, a Alcaldía terá competencia ata "TRINTA MIL CINCOCENTOS EUROS (30.500,00 €)" e partir desta cifra ata os límites sinalados no Art. 21, parágrafo 1 letra ñ da Lei 57/2003, de 16 de Decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspóndelle á citada Xunta de Goberno.

4º) As delegacións inclúen a resolución dos recursos que en dereito procedan e que contra os acordos adoptados pola citada Xunta poidan formular.

5º) Estas delegacións surtirán efectos desde o día seguinte ó da data deste Decreto, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia ós efectos do previsto no Art. 44.2 do Regulamento de Organización. “

B) Acordase, por unanimidade dos asistentes, que a primeira sesión ordinaria se celebre no día de hoxe ás 20 horas baixo os seguintes puntos da orde do día:

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

3º.- Asuntos varios.-

Mediante este acordo, quedan notificados os Concelleiros/as integrantes desta Xunta.-

Por non ter máis asuntos dos que tratar levántase a sesión polo Alcalde-presidente, ás **13:00 horas**, do día en curso de todo o que eu como secretario, dou fe.